

4.1 A poboación galega

Antes de entrar na análise da poboación desde a perspectiva do mercado laboral (poboacións de 16 ou máis anos, de 16 a 64 anos, activa, ocupada, desempregada, etc.) cómpre realizar un achegamento á situación demográfica de Galicia nos últimos anos, porque é un claro condicionante da evolución dalgunha das variables significativas para a análise do mercado de traballo.

4.1.1 Evolución da poboación

O Instituto Nacional de Estatística comezou neste ano a elaborar unha nova estatística, chamada *Cifras de Población*, coa que fai cada semestre unha medición cuantitativa da poboación residente en cada comunidade autónoma e no conxunto do Estado, desagregándoa por provincias (e por illas) de acordo a diversas características demográficas: sexo, ano de nacemento, estado de nacemento e nacionalidade.

Estes datos empréganse como cifras poboacionais de referencia en todas as operacións estatísticas do INE (enquisas, Contabilidade Nacional, etc) e transmítense a nivel internacional como datos oficiais de poboación a todos os efectos. Os seus resultados toman como punto de partida o Censo de 2011 e enlazan cara atrás coas *Estimaciones intercensales de Población* ata ese ano e cos resultados dos sucesivos *Censos de Población* que elabora o INE en España cada década.

Para obter esta poboación residente (en distintos ámbitos xeográficos: Estado, Comunidades Autónomas, Provincias, Illas) contabilízanse os sucesos demográficos acontecidos no período que se estude, de acordo cos resultados do *Movimiento Natural de Población*, da *Estadística de Migraciones* e máis da información administrativa relativa á adquisición da nacionalidade española por cidadáns estranxeiros.

A evolución demográfica no último sexenio de Galicia, o total do Estado español e a Unión Europea podemos velas no cadro 4.1.

■ Cadro 4.1

Poboación de Galicia, España e UE⁽¹⁾. 2008-2013

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Galicia	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.763.499
España	45.666.938	46.239.271	47.021.031	47.190.493	46.810.216	46.704.314
UE (27 estados)	497.686,13	499.686,60	501.084,63	502.369,80	503.664,12	

(1) Datos da UE en miles de habitantes.

Son provisionais os datos de 2013 para Galicia e España e de 2012 para a UE. Datos a 1 de xaneiro de cada ano.

Fonte: INE (para os datos de Galicia e España) e EUROSTAT (para os datos de UE-27).

■ A poboación galega diminuíu en 2012 por terceiro ano consecutivo (mentres que subiu sempre nos outros anos do século XXI); desta volta, o descenso foi o maior do último trienio de 17.999 habitantes (un 0,65%).

■ Pola súa banda, unha novidade demográfica rechamante é que baixou en 2012 a poboación española por primeira vez desde que se dispón no INE de datos anuais (a serie comeza en 1971); a súa diminución foi de 113.902 habitantes (un 0,24%, menos da metade da porcentaxe caída poboacional galega).

■ A poboación galega baixou desde o ano 2008 en 20.670 habitantes (un 0,75%) mentres que a española aumentou en valores absolutos nese período en 546.492 persoas (un 1,2%). Do 1 de xaneiro de 2008 ao mesmo día de 2013, o dinamismo demográfico español foi maior co da poboación da Unión Europea.

■ Como consecuencia da dispar dinámica demográfica de Galicia e o total estatal, a porcentaxe da poboación galega sobre a española baixou do 6,03% (a 1 de xaneiro de 2008) ao 5,92% (o mesmo día de 2013); esta perda de peso porcentual demográfico do último sexenio insírese nunha nidia traxectoria descendente da ponderación poboacional galega a longo prazo.

A desagregación das cifras de poboación por comunidades autónomas pódese ver no cadro 4.2, do que salientaremos:

**Poboación⁽¹⁾ por comunidades autónomas
a 1 de xaneiro de 2013**

■ **Cadro 4.2**

	2013	Variación relativa (%) último ano
Andalucía	8.394.209	0,2
Aragón	1.338.495	-0,4
Asturias	1.067.457	-0,6
Baleares	1.110.399	0,9
Canarias	2.105.851	1,0
Cantabria	589.651	-0,5
Castela e León	2.517.157	-0,8
Castela A Mancha	2.094.957	-0,5
Cataluña	7.465.619	-0,7
C. Valenciana	4.988.464	-0,4
Extremadura	1.101.303	-0,3
Galicia	2.761.730	-0,4
Madrid	6.409.216	-0,3
Murcia	1.459.671	-0,2
Navarra	638.390	-0,3
País Vasco	2.174.474	-0,5
Rioxa (A)	319.006	-0,6
Ceuta	84.504	0,8
Melilla	83.762	2,4
España	46.704.314	-0,2

(1) As cifras son provisionais.

Fonte: INE, Cifras de población a 1/1/2013. Datos provisionais.

■ Andalucía, Baleares, Canarias e as dúas cidades autónomas (Ceuta e Melilla) rexistraron, por esta orde, os únicos aumentos de poboación en valor absoluto no último ano; en todas as outras comunidades autónomas diminuíu o número de habitantes.

■ Por porcentaxe de variación, as maiores subas –ademais das dúas cidades autónomas– tívérona Canarias (1%) e Baleares (0,9%), mentres que as maiores diminucións foron as de Castela-León (-0,8%), Cataluña (-0,7%), Asturias (-0,6%) e A Rioxa (-0,6%).

■ As cinco comunidades de máis poboación (Andalucía, Cataluña, Madrid, a Comunidade Valenciana e Galicia, por esta orde) concentran a día 1 de xaneiro de 2013 algo máis de trinta millóns de habitantes (30.019.238), o que representa case dous de cada tres integrantes (un 64,3%) da poboación española. Séguenlle a Galicia en poboación Castela-León e o País Vasco.

A desagregación por provincias da evolución da poboación de Galicia de 2006 a 2013 (cos datos do 1 de xaneiro) reflíctese no cadro 4.3: baixou ano tras ano nas provincias de Lugo (agás en 2008) e Ourense, mentres que subiu todos os anos menos os dous últimos en A Coruña e máis en Pontevedra.

■ Cadro 4.3

Poboación. Galicia. Por provincias. 2007-2013

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
A Coruña	1.121.347	1.128.599	1.135.287	1.146.458	1.147.124	1.143.359	1.143.359
Lugo	352.247	352.633	352.322	353.251	351.530	348.649	348.649
Ourense	333.549	332.808	332.163	335.219	333.257	330.151	330.151
Pontevedra	933.944	940.727	947.703	962.472	963.511	956.754	956.754
Galicia	2.741.087	2.754.767	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.778.913	2.778.913

Datos a 1 de xaneiro de cada ano; o de 2013 é provisional.
Fonte: INE, Cifras de población.

Velaí un bo xeito de constatar a *Galicia das dúas velocidades* demográficas e a reviravolta poboacional que se produciu no último bienio, no que por primeira vez no século XXI diminuíu a poboación nas catro provincias de Galicia. No conxunto total de Galicia xa comezou a diminución un ano antes que nas dúas provincias máis desenvolvidas economicamente.

No cadro 4.4 presentamos os datos da poboación das sete maiores cidades de Galicia, de acordo coa revisión que fixo o INE en xuño de 2013, pois pensamos que pode ter utilidade para persoas que consultan este *Informe Sociolaboral*.

Poboación dos 7 sete maiores concellos de Galicia a 1/1/2013

■ Cadro 4.4

Vigo	290.260
A Coruña	242.897
Ourense	105.255
Lugo	97.002
Compostela	95.412
Pontevedra	79.696
Ferrol	71.249

Fonte: INE - IGE.

As perspectivas para a década seguinte non son precisamente de que se vaia producir unha reviravolta demográfica en Galicia que posibilita un forte crecemento poboacional, senón ao contrario. No marco das proxeccións que elabora o INE e desagrega territorialmente o IGE (ata o limiar das agrupacións de comarcas, en 20 áreas para toda Galicia), sobrancearemos que, a previsión do período 2012-2022 é dunha clara diminución poboacional, pois Galicia acumularía nesta década un decrecemento demográfico de 129.2844 persoas.

A análise desagregada territorialmente desa proxección demográfica reflicte que a caída poboacional producirase nas catro provincias galegas: 41.128 persoas en A Coruña, 25.410 en Lugo, 31.331, en Ourense e 31.374 en Pontevedra.

4.1.2 A poboación estranxeira

A chegada de poboación do estranxeiro foi un dos fenómenos demográficos característicos da nosa sociedade (sobre todo no total estatal) nos últimos anos do sécu-

lo XX e na alborada do século XXI; sen esta afluencia de inmigrantes de outros Estados ao fía da forte expansión económica non é posible entender o notable aumento ata o ano 2011 (inclusive) na poboación ou a suba do índice de fecundidade.

No anterior *Informe Sociolaboral de Galicia* sobranceabamos a forte suba da poboación estranxeira residente en Galicia do día 1 de xaneiro de 1998 ao mesmo día de 2012, xeira na que se quintuplicou (pasou de 19.693 a 101.332 persoas).

O cadro 4.5 explicita que a suba continuada e intensa da poboación estranxeira residente en Galicia rematou en 2009 e deu paso a un crecemento moi lixeiro no trienio 2010-2012 (5.205 persoas) e a unha diminución en 2013 (1.946 habitantes) que devolve a poboación estranxeira residente en Galicia ao nivel que tiña en 2010.

■ Cadro 4.5

Poboación estranxeira en Galicia. 2005-2013

2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
69.363	73.756	81.442	95.122	106.129	109.222	110.468	111.332	109.386

Datos a 1 de xaneiro de cada ano; O de 2013 é provisional.
Fonte: INE. Cifras de poboación.

A poboación estranxeira inscrita nos padróns municipais de Galicia a 1 de xaneiro de 2013 é dun 4% da nosa poboación, algo máis da terceira parte da porcentaxe estatal: 11%.

A participación de Galicia na poboación estranxeira total residente en España é actualmente un 2,1%, porcentaxe que está moi por baixo do noso peso relativo poboacional no conxunto estatal (5,9%).

A poboación estranxeira residente en España tamén baixou no último ano; fíxoo en 117.918 persoas (2,3% de diminución).

No tocante ás nacionalidades maioritarias da poboación estranxeira residente en Galicia, encabeza a clasificación, con gran diferenza, Portugal (21.582 persoas) e séguenlle, de lonxe, Brasil (9.371), Romanía (9.368), Colombia (7.276), Marrocos (6.944), República Dominicana (4.416), Italia (3.856) e Venezuela (3.690 residentes).

Diminuíu no último ano a poboación estranxeira nas catro provincias galegas (destacando cuantitativamente o descenso de Pontevedra). No cadro 4.6 pódese ollar a desagregación provincial desa poboación a día 1 de xaneiro de 2013.

Cadro 4.6

Poboación estranxeira. Galicia (e provincias) / España. 2012-2013

	2012	2013
A Coruña	39.614	38.063
Lugo	14.647	14.250
Ourense	16.915	15.374
Pontevedra	40.156	36.831
Galicia	111.332	104.518
España	5.711.040	5.118.112

Fonte: INE. Datos a 1 de xaneiro.
Os datos de 1/1/2013 son provisionais.

Sobrancearemos que nas provincias cun maior grao de desenvolvemento económico-social (A Coruña e Pontevedra) residen na actualidade 74.894 persoas estranxeiras; concentran un 68% do total de Galicia.

4.1.3 Movementos naturais de poboación

Estudaremos a variación natural (ou *vexetativa*) da poboación galega, os dous fenómenos demográficos que o explican (nacementos e mortes) e analizaremos como se encañan as tres variables demográficas no contexto das distintas comunidades autónomas.

Comezaremos focalizando os nacementos nas distintas comunidades (e cidades) autónomas. Subliñaremos que:

Cadro 4.7

Crecemento natural. Nacementos e defuncións. Por CC.AA. 2012

	Nacementos	Defuncións	Crecemento vexetativo
Andalucía	86.564	68.923	17.641
Aragón	12.008	13.786	1.778
Asturias	7.642	13.285	-5.643
Baleares	11.001	8.135	2.866
Canarias	17.234	14.209	3.025
Cantabria	5.074	5.870	-796
C. e León	19.056	28.473	-9.417
Castela A Mancha	20.274	19.152	1.122
Cataluña	77.339	63.451	13.888
C. Valenciana	47.539	42.650	4.889
Extremadura	9.418	11.198	-1.780
Madrid	68.171	42.878	25.293
Murcia	16.697	10.782	5.915
Navarra	6.733	5.340	1.393
País Vasco	20.579	20.486	93
Rioxa (A)	3.192	3.048	144
Ceuta	1.127	486	641
Melilla	1.513	471	1.042
No estranxeiro	1.364	1.830	-466
Galicia	21.113	31.161	-10.048
España	453.638	405.615	48.023

Datos provisionais. Fonte: INE. "Movimiento natural de población".

■ Baixaron os nacementos en 2012 en todas as comunidades autónomas (agás na Ríoxa) e máis en Melilla. As diminucións porcentuais foron especialmente grandes en Madrid, Extremadura, Castela - A Mancha e Cantabria (as catro con baixóns nos nacementos superiores ao 5%).

■ A análise do número de nacementos en Galicia constata claramente a súa tendencia descendente nos últimos anos. En 2012 naceron 481 persoas menos en Galicia que en 2011, o que supón unha diminución do 2,2% (fronte ao 3,9% da media española).

No tocante ás mortes nas diferentes comunidades (e cidades) autónomas sobrancearemos que:

■ As defuncións subiron no ano 2012 en todas as comunidades autónomas e baixaron nas dúas cidades autónomas.

■ O crecemento porcentual moi especialmente alto (superior ao 5%) en Baleares, Castela - A Mancha, Murcia, Extremadura, A Ríoxa, Cataluña e Castela – León (nas sete comunidades por riba do 5%).

■ Segue a tendencia ascendente nas defuncións en Galicia dos últimos anos.

En 2012 morreron 1.282 persoas máis que no ano anterior, o que supón unha suba do 4,3%. O crecemento medio español (4,6%) foi o maior da última década.

Movimentos naturais de poboación. Galicia. 1975-1995/2010-2012

■ Cadro 4.8

	Nacementos	Defuncións	Crecemento natural
1975	43.850	25.834	18.016
1985	28.427	26.295	2.132
1995	18.799	28.464	-9.665
2010	22.047	29.749	-7.702
2011	21.594	29.879	-8.285
2012	21.113	31.161	-10.048

O dato de 2012 é provisional.
Fonte: IGE e INE (INE Base).

Como se comproba no cadro 4.7, Galicia rexistrou no ano 2012 de novo o maior descenso absoluto (natural ou *vexetativo*) de poboación de todas as comunidades (10.048 habitantes), diminución que foi maior que en 2011 (8.907 persoas). Seguiron a Galicia en números vermellos as mesmas do ano anterior, e na mesma orde: Castela-León e Asturias.

■ No total estatal, pola contra, como nos anteriores anos, en 2012 houbo un crecemento vexetativo, desta volta de 48.488 persoas (cunha diminución do 43% respecto do incremento de 2011) e foi o menor desde 2001. Desde entón non estivera nunca por baixo das 50.000 persoas e mesmo catro anos (cuadrenio 2006-2009) superara as 100.000 persoas esta suba natural da poboación.

■ As comunidades autónomas con maior crecemento vexetativo en termos absolutos foron, de maior a menor suba en 2012, Madrid, Andalucía e Cataluña (ao igual que nos anos anteriores).

Se enxertamos os movementos naturais de poboación de Galicia do último ano na andaina a longo prazo, subliñaremos que houbo crecemento vexetativo na nosa comunidade ata a segunda metade dos anos 80; despois sempre foi negativo este saldo vexetativo.

A diminución natural da poboación galega é cada ano superior ao anterior desde 2009 e no ano 2012 superou en valor absoluto o limiar dos 10.000 habitantes.

A análise por provincias reflicte que nas galegas houbo *crecemento natural* ata o ano 2009 tan só na provincia de Pontevedra, pero coa reviravolta posterior, hai agora un *decrecemento natural* da poboación nas catro provincias galegas, que o cadro 4.9 explicita ben.

**Taxas de natalidade e mortalidade.
Por CC.AA. 2012**

■ Cadro 4.9

	Taxa de natalidade	Taxa de mortalidade
Andalucía	10,3	8,2
Aragón	9	10,3
Asturias	7,1	12,4
Baleares	10	7,4
Canarias	8,2	6,8
Cantabria	8,6	9,9
C. e León	7,5	11,3
Castela A Mancha	9,7	9,1
Cataluña	10,3	8,5
C. Valenciana	9,5	8,5
Extremadura	8,5	10,2
Galicia	7,6	11,3
Madrid	10,6	6,7
Murcia	11,4	7,4
Navarra	10,5	8,4
País Vasco	9,4	9,4
Rioxa, A	10	9,5
Ceuta	13,4	5,8
Melilla	18,3	5,7
España	9,7	8,6

Datos provisionais.

Fonte: INE. "Movimiento natural de población".

Os datos en valor absoluto dos nacementos cobran máis sentido (a efectos de comparacións con outros territorios) cando se pasan a datos relativos, en nacementos ou mortes por cada mil habitantes dunha poboación, como se reflicte para Galicia no cadro 4.10.

**Crecemento natural. Nacementos e defuncións.
Galicia. Por provincias. 2012**

■ Cadro 4.10

	Nacementos	Defuncións	Crecemento vexetativo
Galicia	21.113	31.162	-10.049
A Coruña	9.012	12.109	-3.097
Lugo	2.247	5.107	-2.860
Ourense	1.931	4.771	-2.840
Pontevedra	7.923	9.175	-1.252

Fonte: INE. *Movimiento natural de población.*
Datos provisionais.

A *taxa bruta de natalidade* en 2012 de Galicia (7,6 por mil) foi a antepenúltima do Estado (por diante de Asturias e, moi lixeiramente, de Castela - León) e está 2,1 puntos porcentuais por baixo do promedio español.

As maiores taxas de natalidade tiverón en 2012 as dúas cidades autónomas, Murcia, Madrid e Navarra.

Se focalizamos a *taxa bruta de mortalidade* (defuncións por cada mil habitantes) vemos que a de Galicia no ano 2012 (11,3 por mil habitantes) é das maiores de España (só por riba Asturias e, á par, Castela-León). Está 2,7 puntos por riba en Galicia que no promedio estatal.

Ceuta e Melilla, Madrid e Canarias tiveron as menores taxas de mortalidade en 2012 (as catro por baixo do 7 por mil).

A negativa *taxa de crecemento natural* (ou *vexetativo*) de Galicia en 2012 (-3,7 por mil) contrasta coa positiva suba media española (1,1 por mil). Sen dúbidas, o avelentamento da poboación galega está a pasar factura, especialmente nas dúas provincias orientais.

A desagregación para as provincias galegas das taxas de natalidade e mortalidade, máis da taxa variación natural ou vexetativa no ano 2012 e a súa comparanza coas medias estatal e galega figuran no cadro 4.11. Salientaremos que:

■ As taxas de natalidade están por baixo da media estatal nas catro provincias galegas; nas de Lugo e Ourense este índice demográfico é especialmente baixo, de xeito que están (con Zamora) pechando a clasificación por provincias de España.

**Tasas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo.
Galicia e provincias. España. 2012**

■ Cadro 4.11

	Natalidade	Mortalidade	Crec. vexetativo
A Coruña	7,91	10,62	-2,71
Lugo	6,49	14,76	-8,27
Ourense	5,92	14,62	-8,70
Pontevedra	8,31	9,62	-1,31
Galicia	7,63	11,27	-3,64
España	9,67	8,64	1,03

Datos provisionais, en tanto por mil.
Fonte: INE, Indicadores Demográficos Básicos

■ As taxas de mortalidade están por riba da media estatal nas catro provincias galegas. Ourense e Lugo (que superan en máis de tres puntos porcentuais a media galega e en seis puntos a española) ocupan as últimas posicións no total de provincias de España (seguidas de Zamora).

■ Nas provincias de Lugo e Ourense as taxas de mortalidade son máis do dobre que as de natalidade, mentres que en A Coruña e, sobre todo, en Pontevedra, a diferenza é moito menor.

No cadro 4.12 temos unha visión dinámica nunha desagregación provincial das taxas de crecemento natural da poboación e a súa comparanza coa media estatal.

Crecemento natural por 1.000 habitantes. Provincias galegas. España. 2008-2012

■ Cadro 4.12

	2008	2009	2010	2011	2012
A Coruña	-1,60	-2,72	-2,06	-2,37	-2,71
Lugo	-7,67	-7,28	-7,56	-8,11	-8,27
Ourense	-7,77	-7,17	-7,89	-8,65	-8,70
Pontevedra	0,58	0,34	-0,25	-0,75	-1,31
España	2,95	2,38	2,29	1,76	1,03

Fonte: INE, Indicadores Demográficos Básicos.

Salientaremos que por segundo ano consecutivo baixou este índice demográfico en 2012 nas catro provincias (con especial intensidade en Pontevedra no último ano), mentres que en 2010 subira en A Coruña e no ano 2009 en Lugo e Ourense.

Para non perder a perspectiva a longo prazo, achegarémonos o estudo diacrónico do saldo vexetativo por cada 1.000 habitantes desde 1975 en tres ámbitos territoriais (Galicia, Estado e UE). O cadro 4.13 reflicte:

■ A fortísima diminución no período 1975-1995, especialmente intensa en Galicia, seguida de España e, de lonxe, da UE.

■ Cadro 4.13

Saldo vexetativo⁽¹⁾ por 1.000 habitantes. Galicia, España, UE. 1975-2012

	1975	1985	1995	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
UE	4,1	2,2	0,4	0,6	0,8	1	1,2	1,1	1,1	-	-
España	10,4	3,7	0,4	1,8	2,5	2,4	2,9	2,4	2,3	1,8	1,1
Galicia	6,6	0,8	-3,6	-3,0	-2,9	-3,0	-2,3	-2,4	-2,8	-3,3	-3,7

(1) Nacementos menos defuncións.

Datos de 2012 provisionais

Fonte: INE ("indicadores demográficos básicos") e EUROSTAT.

■ O maior dinamismo demográfico español co galego e máis ca no conxunto da UE no período 2005 - 2012.

■ Galicia presenta un coeficiente negativo da taxa de “crecemento” natural que estivo no abano entre o dous e o catro por mil desde hai dúas décadas; en 2012 quedou na parte máis baixa dese abano (achegándose ao 4 por mil de “decrecemento natural”).

A Galicia minguante demograficamente (estudando natalidade e mortalidade, é dicir, polos movementos naturais da poboación) non deixa marxe para dúbidas.

As perspectivas confirman esta tendencia a longo prazo de decrecemento poboacional. No marco das proxeccións de poboación para o período 2011-2021, que elaborou o INE (e proporciona con desagregación territorial o IGE) a previsión é que nacerían 194.572 persoas e morrerían 307.883 nesa década. Galicia, xa que logo, tería un “decrecemento vexetativo” de 113.309 persoas.

4.1.4 Movementos migratorios

4.1.4.1 Introducción: a nova estatística de migracións do INE

A partir do ano 2012 o INE puxo en marcha dúas novas operacións estatísticas no campo demográfico: *Cifras de Población* (á que xa nos referimos nun epígrafe anterior deste capítulo) e *Estatística de Migraciones*.

A finalidade desta nova estatística é a medición das migracións dentro do Estado e máis co estranxeiro. Deste xeito cúmprese o establecido no Regulamento 862/2007 do Parlamento Europeo e do Consello sobre Estatísticas de Migracións.

A Estatística de Migracións é das de maior dificultade dentro das demográficas; elabórase partindo das variacións residenciais rexistradas nas bases padronais do INE, pero a eses datos realízaselles un tratamento estatístico baseado en:

1º) Estimación da data na que se produciu o movemento migratorio cara ao estranxeiro, cando se producira a partir de baixas executadas pola autoridade do concello “de oficio” e non a instancias da persoa interesada.

2º) Axuste á definición estatística de migración homologada na UE, depurando os movementos migratorios consecutivos dunha mesma persoa cando disten entre si menos dun ano.

3º) Estimación dos movementos migratorios ocorridos no período que se estude pero que non afloraron aínda na base de datos do Padrón, debido a que o Padrón puidese ser insuficiente para a medición dos fluxos migratorios.

Na práctica, este traballo estatístico tradúcese en que as cifras de inmigración son lixeiramente inferiores ás altas observadas no Padrón e que as cifras de emigración son algo maiores que as baixas padronais.

Con todo, o INE reconece explicitamente que “la observación de variaciones en el Padrón pudiera ser insuficiente para la medición de los flujos migratorios. Así, esta operación estadística nace con la vocación de ir incorporando en su metodología de cálculo cuantas fuentes adicionales de información y mejoras metodológicas se consideren oportunas para una mejor identificación y medición del fenómeno migratorio. Estas mejoras metodológicas se irán incorporando a lo largo de las próximas ediciones”.

Tendo presente esta cautela na avaliación dos datos deste epígrafe, usaremos por primeiro ano en este Informe os datos migratorios que proporciona o INE nesa nova operación estatística.

Comezaremos sobranceando que, como vimos en anteriores *Informes Sociolaborais de Galicia*, cuantitativamente os principais destinos dos desprazamentos da poboación residente en Galicia nos últimos anos foron, redondeando datos, por esta orde: outras poboacións de Galicia (70%), outras comunidades autónomas (20%) e o estranxeiro (10%).

Pese ao predominante peso cuantitativo das migracións internas (os movementos nos que o cambio de residencia se produce entre poboacións galegas) adoita centrarse a análise demográfica nos movementos migratorios externos (os que teñen por orixe ou destino poboacións de fóra de Galicia), que cualitativamente (por razóns culturais, de distancia, etc) teñen unha significación ben distinta que as variacións residenciais dunha localidade galega a outra.

4.1.4.2 Movementos migratorios en Galicia

A xeito de síntese da evolución demográfica de Galicia e o conxunto do Estado no ano 2012, recollemos no cadro 4.14 o seu saldo migratorio (dentro do Estado e fóra del). Da suma alxebrica dos saldos migratorios (intraestatal e máis extraestatal) co saldo vexetativo obtense a variación real da poboación entre o día 1 de xaneiro dos anos 2012 e 2013.

Resumo da evolución demográfica. Galicia/España. 2012

■ Cadro 4.14

	Poboación 1/1/12	Saldo vexetativo	Saldo migratorio exterior	Saldo migratorio interior	Poboación 1/1/13
Galicia	2.771.916	-10.048	-949	811	2.761.730
España	46.818.216	48.488	-162.390	0	46.704.314

Datos provisionais.

Fonte: INE. Estadística de migraciones.

Sobrancearemos que:

■ O saldo migratorio de Galicia co estranxeiro en 2012 foi negativo (-949 persoas), resultado da entrada na nosa comunidade de 9.416 persoas procedentes dos outros Estados diferentes do español e da saída de 10.365 de Galicia cara ao estranxeiro.

■ O saldo migratorio de Galicia coas outras comunidades (e cidades) autónomas en 2012 foi positivo (en 811 persoas), resultado da entrada na nosa comunidade de 15.946 persoas procedentes do resto do Estado español e da saída de 15.135 de Galicia a outras comunidades (e cidades) autónomas.

■ No tocante ao total do Estado español, o seu saldo migratorio co estranxeiro en 2012 foi negativo por terceiro ano consecutivo (162.390 persoas), resultado de que 476.748 persoas abandonaron España con destino a outro Estado, mentres que a chegada do exterior foi de 314.358 persoas.

■ Do total da emigración de España ao exterior, houbo 417.023 persoas estranxeiras (87,5% do total) e 59.724 españolas (12,5% da emigración de España a outros Estados).

Do total da inmigración a España desde outros Estados, 281.978 persoas son estranxeiras (89,7% do total) e 32.380 de nacionalidade española (10,3% da chegada de poboación a España desde outros Estados).

No tocante aos movementos migratorios de Galicia, subliñaremos que:

■ Do total da **inmigración a Galicia desde o estranxeiro** en 2012 (9.416 persoas), practicamente houbo un equilibrio por sexos (4.648 homes e 4.768 mulleres).

■ Polo que atinxe á **emigración extraestatal desde Galicia** en 2012, foi de 10.365 persoas, dos cales 6.271 persoas foron estranxeiros (60,5%) e 4.094 persoas (39,5%) de nacionalidade española.

No cadro 4.15 recolleemos o resumo da evolución demográfica de cada unha das comunidades ou cidades autónomas en 2012. Figuran nel os seus saldos migratorios (dentro do Estado ou fóra del), os saldos vexetativos e as poboacións o día 1 de xaneiro dos anos 2012 e 2013. Sobrancearemos que:

■ Cadro 4.15

Resumo da evolución demográfica. CC.AA. 2012

	Poboación 1/1/12	Saldo vexetativo	Saldo migratorio exterior	Saldo migratorio interior	Pobación 1/1/2013
Andalucía	8.377.809	17641	5624	-6.865	8394209
Aragón	1.343.790	-1778	-3061	-456	1338495
Asturias	1.074.304	-5643	-353	-850	1067457
Baleares	1.100.715	2866	2712	4.105	1110399
Canarias	2.085.928	3025	12928	3.971	2105851
Cantabria	592.387	-796	-1449	-491	589651
Castela e León	2.537.654	-9417	-3240	-7.840	2517157
Castela A Mancha	2.105.936	1122	-5464	-6.637	2094957
Cataluña	7.514.992	13888	-59732	-3.530	7465619
C. Valenciana	5.009.646	4889	-24727	-1.346	4988464
Extremadura	1.104.343	-1780	165	-1.425	1101303
Galicia	2.771.916	-10048	-949	811	2761730
Madrid	6.425.573	25293	-55767	14.116	6409216
Murcia	1.461.928	5915	-9003	831	1459671
Navarra	640.023	1393	-3748	721	638390
País Vasco	2.184.696	93	-13963	3.648	2174474
Rioxa (A)	320.951	144	-1761	-328	319006
Ceuta	83.837	641	122	-96	84504
Melilla	81.786	1042	-726	1.660	83762
España	46.818.216	48488	-162390	0	46704314

(1) As cifras son provisionais.
Fonte: INE. Estadística de migraciones.

■ Houbo once comunidades autónomas con saldo migratorio co estranxeiro máis negativo que Galicia.

■ Só catro comunidades (máis Ceuta) tiveron en 2012 saldo positivo nos movementos migratorios extraestatais; cuantitativamente sobrancearon Canarias (12.928) e Andalucía (5.624).

■ As comunidades autónomas con saldo migratorio co estranxeiro (ou extraestatal) máis negativo en 2012 foron Cataluña (-59.732 persoas), Madrid (-55.767) e C. Valenciana (-24.727); entre as tres suman 140.226 persoas (86,4% do total do Estado español).

Para avaliar o dato de que Cataluña, Madrid, C.Valenciana, País Vasco e Murcia sexan, por esta orde, as de maior **saldo migratorio co estranxeiro** positivo cómpre non esquecer que a intensa chegada de persoas doutros Estados foi a auténtica protagonista na primeira década do século XXI dun cambio demográfico moi importante en España (e tamén en Galicia, aínda que de xeito máis contido) pero esa traxectoria deu a reviravolta coa crise económica.

Imos focalizar no cadro 4.16 o **saldo migratorio da poboación española co estranxeiro** das distintas comunidades autónomas en 2012. Sobrancea que:

■ Só unha comunidade (Canarias) presentou saldo positivo, mentres que no saldo migratorio extraestatal (sumada a poboación de nacionalidade española e as das outras nacionalidades) catro comunidades (máis Ceuta) teñen saldo positivo.

■ Cadro 4.16

Saldo migratorio co estranxeiro. Poboación de nacionalidade española. Por CC.AA. 2012

Andalucía	-3264
Aragón	-739
Asturias	-363
Baleares	-594
Canarias	223
Cantabria	-188
Castela e León	-711
Castela A Mancha	-703
Cataluña	-6084
C. Valenciana	-3547
Extremadura	-248
Galicia	-1187
Madrid	-7117
Murcia	-1142
Navarra	-520
País Vasco	-912
Rioxa (A)	-201
Ceuta	-45
Melilla	-3
España	-162390

(1) As cifras son provisionais.
Fonte: INE. Estadística de migraciones.

■ Xa non houbo once comunidades autónomas con saldo migratorio da poboación española co estranxeiro máis negativo que Galicia (como vimos que ocorre ao analizar o saldo migratorio co estranxeiro –sexa de nacionalidade española ou non o emigrante–).

A emigración cara ao estranxeiro de persoas de nacionalidade española residentes en Galicia subiu, ano tras ano, desde o comezo da crise económica. Se en 2007 foi de 2.452 persoas, en 2012 foron 4.094, o que supón un incremento do 67%. Dito doutro xeito, onde hai un quinquenio emigraban ao estranxeiro desde Galicia tres persoas de nacionalidade española, agora emigran cinco.

No tocante á inmigración a Galicia desde o estranxeiro, cómpre ter en conta, á hora de sacar conclusións que, nunha proporción maior en Galicia que no promedio estatal, persoas que estatisticamente “inmigran” agachan o retorno de emigrantes (pola crise económica onde traballaban, porque lles chegou a idade da xubilación, pola “inseguridade” do Estado no que residían ou por calquera outro motivo), o que confire unha clara peculiaridade á nosa “inmigración”.

Para interpretar axeitadamente os datos da inmigración do estranxeiro cómpre subliñar tamén que dentro dos “retornados” inclúense todas as persoas con nacionalidade española que volven; na súa maioría naceron aquí, pero tamén figuran os seus fillos e as demais persoas que teñen recoñecida a nacionalidade española.

En canto aos movementos migratorios dentro do Estado español, o cadro 4.14 reflicte que as comunidades autónomas con **saldo coas outras comunidades** máis negativo en 2012 foron Castela-León (-7.480 persoas), Andalucía (-6.865) e Castela-A Mancha (-6.637); pola contra, os saldos máis positivos nos movementos migratorios entre comunidades autónomas foron os de Madrid (14.116), Baleares (4.105) e Canarias (3.971).

Galicia tivo en 2012 un saldo intraestatal positivo (de 811 persoas); hai cinco comunidades autónomas (máis Melilla) por riba en valor absoluto.

O saldo migratorio de Galicia coas outras comunidades autónomas do Estado foi sempre positivo no cuadrienio 2009-2012. O dato agacha unha parte importante de persoas que retornan a Galicia, polos efectos da actual recesión económica en moitas persoas galegas que, ao fío da expansión económica dos anos anteriores, se foran a traballar a Canarias, Madrid, Barcelona e outros destinos dentro do Estado español.

Resulta lóxico que esta “inmigración de retorno” sexa especialmente intensa en Galicia e nas outras comunidades que no pasado perderon moita poboación debido á forte emigración.

Ademais da visión estática dos movementos migratorios de cadros anteriores, o 4.17 aporta unha visión dinámica que nos permite visualizar a evolución de 2008 a 2012, con desagregación por provincias, da **emigración de Galicia ao estranxeiro** (coa porcentaxe de variación da emigración acumulada desde o comezo da crise económica). Salientaremos que:

■ Desde o estoupido de saída da crise económica, todos os anos subiu a poboación que emigrou ao estranxeiro desde Galicia. No último cuadrienio a cifra ascendeu a 39.320 persoas.

■ A emigración ao estranxeiro desde Galicia medrou con forza desde o comezo da crise económica actual; foi na media do último trienio de 9.830 persoas (e medrou sempre de ano en ano) mentres que no sexenio 2003-2008, en plena expansión económica, era pouco máis dun terzo (3.429 persoas).

Crecemento natural. Nacementos e defuncións. Galicia. Por provincias. 2012

■ Cadro 4.17

	2012	% variación da taxa emigración. 2008-2012
Galicia	10.365	41
A Coruña	3.877	21,2
Lugo	995	37,1
Ourense	1.770	61,8
Pontevedra	3.762	61,2

Datos provisionais.
Fonte: INE. Estadística de migraciones.

■ A porcentaxe da suba acumulada da emigración extraestatal de Galicia de 2009 a 2012 ascende ao 41%; é especialmente alta en Ourense e Pontevedra.

Tamén resulta interesante o estudo da emigración galega ao estranxeiro por grupos de idade, que figura no cadro 4.18.

■ Abandonaron Galicia en 2012 para irse ao estranxeiro 10.365 cidadáns. Supón 28 persoas cada día e 852 cada mes.

■ A poboación de nacionalidade española que emigrou desde Galicia en 2012 (4.094 persoas) foi menor que a estranxeira (6.227).

Emigración galega ó estranxeiro por grupos de idade. 2012

■ Cadro 4.18

	Nacionalidade española	Outras nacionalidades
0-9 anos	296	391
10-19 anos	270	561
20-24 anos	252	662
25-29 anos	523	955
30-34 anos	588	1028
35-39 anos	423	863
40-44 anos	350	598
45-49 anos	263	472
50-54 anos	229	254
55-59 anos	159	173
60-64 anos	178	162
65-69 anos	188	55
70-74 anos	117	53
75-79 anos	135	11
80-89 anos	116	27
90 e máis	6	5
Total	4.094	6.271

Datos provisionais.
Fonte: INE. Estadística de migraciones.

■ En Galicia (e tamén ocorre no total español) os grupos de idade nos que emigrou en 2012 máis poboación ao estranxeiro son, de maior a menor: 30-34 anos, 25-29 e 35-39. E ocorre tanto nas persoas de nacionalidade española como nas doutras nacionalidades.

■ Focalizando os cidadáns de nacionalidade española que emigran ao estranxeiro e teñen entre 20 e 44 anos, suman 2.136 persoas (un 52,2,5% do total).

■ Unha parte importante das persoas que emigran ao estranxeiro son persoas moi cualificadas (licenciados e diplomados universitarios, técnicos de formación profesional, etc) que buscan no estranxeiro o traballo que non atopan en España.

É doado comprender os importantes recursos (financeiros –investimento na súa formación– e en capital humano) destragados para a potenciación da economía galega. Despois de costear a formación especializada de moitas persoas, parte delas van deixar o valor engadido polo seu traballo fóra de Galicia.

Cómpre realizar un esforzo especial para procurar xerar en Galicia nos anos vindeiros postos de traballo abondo que permitan que os que opten pola saída de Galicia sexa por propia vontade, non expulsados pola falla de futuro laboral na súa terra.

No sector máis cualificado deses profesionais, o apoio con investimentos en programas de I+D+i segue a ser fundamental, potenciando os xa consolidados e poñendo en marcha outros.

Cómpre non esquecer a advertencia que fai o INE sobre os datos dos movementos migratorios:

“La estadística de las migraciones entraña la mayor dificultad en la medición estadística de la población (...) La observación de variaciones en el Padrón pudiera ser insuficiente para la medición de los flujos migratorios. Así, esta operación estadística nace con la vocación de ir incorporando en su metodología de cálculo cuantas fuentes adicionales de información y mejoras metodológicas se consideren oportunas para una mejor identificación y medición del fenómeno migratorio. Estas mejoras metodológicas se irán incorporando a lo largo de las próximas ediciones”.

Moi posiblemente a emigración galega está sendo maior da que rexistran os datos oficiais. O propio Secretario Xeral de Emigración da Xunta de Galicia recoñecía explicitamente nas súas declaración á prensa en xuño de 2013: “Está emigrando máis xente da que está recollida nos rexistros oficiais (...) a facilidade para a mobilidade determina que a xente que circula non teña que deixar constancia necesariamente en ningún tipo de rexistro. Polo tanto, as cifras oficiais son moi baixas (...) somos conscientes de que hai máis xente saíndo da que está recollida nos rexistros oficiais”.

4.2 Resumo das principais variables laborais

Estudaremos neste epígrafe as grandes liñas do mercado de traballo en Galicia co resumo da evolución no último cuadrienio en Galicia segundo os datos da *Encuesta de poboación activa* (EPA) de poboación de alomenos 16 anos: activa, ocupada, desempregada e inactiva. En apartados posteriores deste mesmo capítulo estudaremos polo miúdo cada un dos seus compoñentes: poboación activa, ocupada, desempregada, etc.

A EPA é unha investigación que se realiza coas técnicas estatísticas cunha mostra continua que o INE ven realizando desde 1964. O seu obxectivo principal é clasificar a poboación segundo a súa relación co mercado de traballo (poboación activa, inactiva, ocupada, desempregada) e estudar cada un dos colectivos de acordo con diversos criterios: sexo, provincia, grupo de idade, etc.

Cómpre subliñar que en 2008 o IGE e máis o INE asinaron un acordo de colaboración para duplicar a mostra sometida a estudo no ámbito territorial galego. Este convenio permitiu que desde o terceiro trimestre de 2009 dispoñamos para Galicia de información polo miúdo de aspectos como a tipoloxía dos fogares galegos segundo o número de persoas ocupadas e desempregadas, a inserción no mercado laboral da poboación xuvenil ou datos dos sete maiores concellos de Galicia.

Os datos do cadro 4.19 explicitan que no ano 2012:

■ A poboación **activa** galega baixou lixeiramente en 2012, a diferenza de tres dos anos do período 2007-2012 (todos agás 2010 e 2012). No último quinquenio, a suma acumulada (18.200 persoas) foi moitísimo menor que a da poboación desempregada e que a diminución da poboación ocupada (como veremos nos seguintes parágrafos).

■ Cadro 4.19

Poboación de alomenos 16 anos, por actividade económica. Galicia. 2007-2012

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Poboación activa	1.292,0	1.314,8	1.317,4	1.300,9	1.311,2	1.310,2
Poboación ocupada	1.193,4	1.200,1	1.151,4	1.100,7	1.083,0	1.039,4
Poboación parada	98,7	114,7	165,9	200,3	228,3	270,7
Poboación inactiva	1.088,9	1.072,8	1.068,9	1.082,4	1.065,8	1.055,0

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.

Fonte: INE. EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

■ A poboación **ocupada** de Galicia baixou por cuarto ano consecutivo, e fíxoo con moita máis intensidade que no ano anterior.

A partir do máximo de poboación con emprego do ano 2008 (1.200.100 persoas, cunha suba moi lixeira respecto do ano anterior) a forte crise económica traducíuse na perda de 160.700 postos de traballo en Galicia (unha caída acumulada do 14,2% no último cuadrienio).

■ O **paro** estimado pola EPA de Galicia medrou sempre no último quinquenio, con especial intensidade en 2009 e 2012, anos de recesión aguda.

Partindo da poboación desempregada do ano 2007 (98.700 persoas) a forte crise económica traducíuse nunha suba de 172.000 persoas desempregadas en Galicia, o que supuxo un incremento acumulado do 174,3% no último quinquenio, porcentaxe que reflicte un dos efectos máis dramáticos que está a ter a crise económica desde 2008 no tecido produtivo galego.

■ A poboación **inactiva** baixou, como fixo todos os anos analizados agás 2010. Con todo, a diminución do último quinquenio (33.900 persoas) é moito menor que o da

poboación ocupada e que a suba da poboación desempregada (como vimos de analizar nos anteriores parágrafos).

A diferenciación por sexos da poboación galega de alomenos 16 anos segundo a súa actividade económica no último cuadrienio figura no cadro 4.20; salientaremos que:

■ En 2012 as mulleres seguen a ser maioría só na poboación inactiva; son menos que os homes nas outras tres variables vencelladas á incorporación activa ao mercado laboral (poboacións activa, ocupada e desempregada).

■ Cadro 4.20

Poboación de 16 e máis anos por sexo e relación coa actividade económica. Galicia. 2009-2012

	2010			2011			2012		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Poboación activa	1.300,9	703,6	597,3	1.311,2	699,8	611,4	1.310,2	695,8	614,3
Poboación ocupada	1.100,7	600,8	499,9	1.083,0	583,4	499,5	1.039,4	550,7	488,7
Poboación parada	200,3	102,9	97,4	228,3	116,4	111,8	270,7	145,1	125,6
Poboación inactiva	1.082,4	434,7	647,8	1.065,8	453,3	630,4	1.055,0	133,2	621,8

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA. Elaboración polo IGE.

■ No último trienio baixou todos os anos a poboación activa masculina, mentres que medrou dous anos nas mulleres.

■ Nesa xeira diminuíu sempre a poboación ocupada nos homes e tamén nas mulleres, anque con menor intensidade.

■ Medraron todos os anos no último trienio tanto a poboación desempregada feminina como a masculina (esta con máis forza).

■ Só baixou a poboación inactiva masculina en 2012, e quedou neste ano con máis inactivos que en 2007, mentres que nas mulleres baixou os dous últimos anos e quedou en 2012 con menos inactivas que cinco anos antes.

4.3 Poboación activa e taxa de actividade

Neste apartado afondaremos no estudo da poboación activa galega coa análise da evolución nos últimos anos da poboación activa e da distribución da poboación activa por provincias. Situaremos tamén os valores en Galicia destas variables laborais no contexto estatal, da UE e da UEM.

4.3.1 Poboación activa

Comezaremos o estudo da poboación activa coa presentación da súa evolución por comunidades autónomas no último trienio. O cadro 4.21 reflicte que:

■ A poboación activa galega en 2012 foi de 1.303.300 persoas, 10.000 menos que no ano anterior.

■ A participación de Galicia na poboación activa de España en 2012 foi a mesma que no ano anterior (5,7%), dúas décimas por baixo do peso relativo demográfico de Galicia.

Poboación activa. Por CC.AA. 2010-2012

■ Cadro 4.21

	Valores absolutos Miles			Distribución porcentual			Porcentaxe variacións anuais		
	T IV 10	T IV 11	T IV 12	T IV 10	T IV 11	T IV 12	T IV 10	T IV 11	T IV 12
Andalucía	3.976,5	3.998,1	4.022,5	17,2	17,3	17,5	1,2	0,5	0,6
Aragón	643,6	649,8	657,4	2,8	2,8	2,9	-1,6	1,0	1,2
Asturias	477,5	478,7	480,4	2,1	2,1	2,1	-0,8	0,3	0,4
Baleares	578,6	581,5	593,1	2,5	2,5	2,6	0,6	0,5	2,0
Canarias	1.085,6	1.105,4	1.117,6	4,7	4,8	4,9	-0,6	1,8	1,1
Cantabria	274,8	279,2	278,5	1,2	1,2	1,2	-0,8	1,6	-0,3
Castela e León	1.183,6	1.174,4	1.159,9	5,1	5,1	5,1	0,6	-0,8	-1,2
Castela A Mancha	990,4	1.004,4	987,7	4,3	4,4	4,3	1,2	1,4	-1,7
Cataluña	3.820,3	3.782,2	3.696,6	16,5	16,4	16,1	1,1	-1,0	-2,3
C. Valenciana	2.513,8	2.520,3	2.492,0	10,9	10,9	10,9	-1,5	0,3	-1,1
Extremadura	497,0	494,1	509,9	2,2	2,1	2,2	2,8	-0,6	3,2
Galicia	1.296,6	1.313,3	1.303,3	5,6	5,7	5,7	-0,8	1,3	-0,8
Madrid	3.440,4	3.366,8	3.347,4	14,9	14,6	14,6	1,3	-2,1	-0,6
Murcia	747,4	743,9	732,0	3,2	3,2	3,2	4,0	-0,5	-1,6
Navarra	306,8	307,8	306,9	1,3	1,3	1,3	0,3	0,3	-0,3
País Vasco	1.054,4	1.058,7	1.022,2	4,6	4,6	4,5	0,6	0,4	-3,4
A Rioxa	155,9	156,0	149,5	0,7	0,7	0,7	-1,7	0,1	-4,2
Ceuta e Melilla	61,7	36,2	65,6	0,3	0,2	0,3	2,7	-41,3	81,2
España	23.104,8	23.081,2	22.922,4	100,0	100,0	100,0	0,6	-0,1	-0,7

* Os datos correspóndense coas series revisadas segundo a metodoloxía EPA-2005 (cambio de base de poboación).
Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano (cadro tomado do MESS: Análisis del Mercado de Trabajo, nº 104, marzo 2013).

■ Diminuíu a poboación activa de Galicia en 2012 un 0,8%, porcentaxe lixeiramente maior que a media estatal (0,7%).

■ Os maiores crecementos porcentuais foron o das cidades autónomas (Ceuta e Melilla) e o de Extremadura; os maiores descenso, os de A Rioxa, País Vasco e Cataluña.

4.3.2 Taxa de actividade

Cómpre, para comezar, facer unha precisión metodolóxica: salientaremos que poden usarse dúas variables distintas no estudo da *taxa de actividade*.

Podemos definila como **a porcentaxe de persoas activas respecto da poboación de 16 a 64 anos**. Así, de cada cen persoas “potencialmente activas” (por razón de idade) teremos cantas forman parte realmente da poboación activa (é dicir, está traballando ou buscando traballo activamente). Cando nos refiramos a ela, citarémola como *a taxa de ocupación da poboación de 16 a 64 anos*.

Conecta moi ben coa realidade económica, porque supón focalizar só as persoas de idades superiores aos 15 anos e inferiores a 65, que son as que “potencialmente” interveñen activamente no mercado de traballo (en 65 e máis anos entra a poboación xubilada, aunque habería que matizar por profesións concretas, xa que non todas teñen establecidas a mesma idade para xubilarse).

Podemos definir tamén a taxa de actividade como **a porcentaxe de persoas activas respecto da poboación de alomenos 16 anos**. Así, de cada cen persoas de máis de quince anos teremos cantas forman parte realmente da poboación activa (é dicir, está traballando ou buscándoo activamente).

Obviamente, se usamos esta segunda definición a taxa de actividade resultará menor, porque dividiríamos un numerador igual entre un denominador maior (no que figuran persoas de 65 ou máis anos, basicamente persoas xubiladas). En países cunha estrutura poboacional máis envellecida (como Galicia) a taxa de actividade da poboación de 16 ou máis anos será menor que noutro cunha estrutura de idades máis nova, que se achegue máis na súa representación gráfica á forma piramidal.

Obviamente, no estudo diacrónico da taxa de actividade dun territorio, as dúas taxas de actividade nos valen para explicar a súa evolución, sempre e cando utilizemos a mesma fórmula. O que non podemos é mesturar as dúas fórmulas comentadas en parágrafos anteriores.

Cando ao longo do texto nos refiramos simplemente á *taxa de actividade*, esta é a recollida na segunda definición.

O cadro 4.22 amosa os valores do cuarto trimestre de cada ano da taxa de actividade da poboación de 16 a 64 anos nas distintas comunidades autónomas:

■ Foi en Galicia dun 73,6% en 2012 o que supón 1,4 puntos porcentuais por baixo da taxa estatal.

Taxas de actividade. Por comunidades autónomas. 2009-2012

■ Cadro 4.22

	Valores das taxas En porcentaxe			Variacións anuais en puntos porcentuais		
	T IV 10	T IV 11	T IV 12	T IV 09	T IV 10	T IV 12
Andalucía	71,2	71,5	72,4	0,8	0,3	0,9
Aragón	74,9	75,9	77,6	-0,8	1,0	1,6
Asturias	67,7	68,5	69,7	-0,1	0,8	1,2
Baleares	76,7	77,0	77,9	0,1	0,2	1,0
Canarias	73,2	74,1	74,6	-0,5	1,0	0,5
Cantabria	70,2	71,4	72,7	-0,2	1,2	1,3
C. A Mancha	73,1	74,0	73,5	0,8	1,0	-0,5
C. León	73,3	73,5	73,5	1,1	0,2	0,0
Cataluña	78,1	78,1	77,9	1,0	0,1	-0,2
C. Valenciana	74,3	74,8	74,7	-0,7	0,6	-0,1
Extremadura	69,8	69,4	72,1	2,0	-0,4	2,7
Galicia	71,9	73,5	73,6	0,7	1,6	0,2
Madrid	79,1	77,9	78,2	1,2	-1,2	0,3
Murcia	75,1	74,8	74,0	2,7	-0,3	-0,8
Navarra	75,1	75,3	75,9	0,3	0,3	0,6
País Vasco	74,3	75,8	74,9	1,1	1,5	-0,8
A Ríoxa	75,2	76,2	74,8	-0,5	1,0	-1,5
Ceuta e Melilla	62,8	66,3	63,7	2,1	3,4	-1,9
España	74,5	74,8	75,0	0,6	0,3	0,3

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano.

Cadro tomado de: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, Análisis del Mercado de Trabajo, nº 104, marzo 2013.

■ Medrou no último ano en Galicia moi lixeiramente (0,19%), algo por baixo do promedio de España (0,25%); o diferencial subiu algo, pois, e quedou 1,4 puntos porcentuais a prol do dato estatal (75%).

■ Galicia quedou en 2012 no sector medio-baixo na clasificación por comunidades autónomas: tivo dez comunidades por riba e seis por baixo (máis Ceuta e Melilla).

■ As maiores taxas de actividade presentáronas en 2012, de novo, Madrid, Baleares e Cataluña; as menores foron as das dúas cidades autónomas e Asturias.

En 2012 a taxa de actividade galega da poboación de 16 a 64 anos (73,6%) está 1,3 puntos por riba da taxa da Unión Europea (72,1%). O problema grave, como veremos máis adiante neste mesmo capítulo, é que unha parte moi grande da poboación activa de Galicia (ou do conxunto do Estado español) non se aproveita produtivamente senón que forma parte da poboación desempregada.

4.3.3 Distribución por sexos e provincias

No cadro 4.23 ofrecemos os datos que permiten unha visión diacrónica da poboación activa das provincias galegas; subliñaremos que:

■ En 2012 a poboación activa baixou en tres provincias (se ben moi lixeiramente na de Pontevedra) e medrou en A Coruña.

Poboación activa. Por provincias. 2007-2012

■ Cadro 4.23

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
A Coruña	539,3	551,3	564,7	551,5	559,9	566,2
Lugo	150,7	154,1	152,0	158,1	156,5	154,2
Ourense	147,0	144,5	136,6	138,6	138,9	135,0
Pontevedra	455,6	464,8	464,0	452,8	455,9	454,7

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía: EPA 2005.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

■ No conxunto do último quinquenio, na provincia de A Coruña creceu sempre a poboación activa agás no ano 2010, mentres que medrou só dous anos en Lugo e Ourense e tres anos en Pontevedra.

A desagregación **por sexos** das taxas de actividade da poboación galega de 16 a 64 anos galega no último trienio que figura no cadro 4.24 reflicte que, cos datos do cuarto trimestre de cada ano, a tendencia da taxa foi claramente ascendente nas mulleres (con especial intensidade en 2011) mentres que nos homes está practicamente no mesmo nivel nos tres anos analizados.

Taxa de actividade. Por sexo. Galicia 2010-2012

■ Cadro 4.24

	Homes	Mulleres
2010	78,0	65,9
2011	78,4	68,6
2012	78,4	69,0

Datos en miles, 4º trimestre de cada ano.
Fonte: INE, EPA. Elaboración polo IGE.

Pese a esa evolución, o diferencial entre as taxas de actividades masculina e feminina segue a ser en 2012 aínda moi alto (9,4 puntos porcentuais) a prol dos homes.

Na comparanza coas taxas de España, a das mulleres coincide (69%) e a dos homes é superior en España (81%) que a de Galicia (78,4%)

A diferenza **por sexos** das **taxas de actividade da poboación de 16 ou máis anos** no último quinquenio en cada unha das **provincias** figura no cadro 4.25. Ao fol del, subliñaremos que:

■ A taxa de actividade global subiu en 2012 só na provincia de A Coruña, mantívose igual en Pontevedra e baixou nas dúas provincias galegas de menor desenvolvemento económico-social: Ourense e Pontevedra.

■ Cadro 4.25

Taxa de actividade. Por sexo e provincia. 2008-2012

	Total	Homes	Mulleres
2008			
A Coruña	56,2	65,2	48,1
Lugo	49,8	57,1	43,0
Ourense	49,7	57,4	42,5
Pontevedra	57,6	66,7	49,3
2009			
A Coruña	57,6	64,5	51,3
Lugo	49,4	55,7	43,5
Ourense	47,3	54,0	41,2
Pontevedra	57,4	65,7	49,7
2010			
A Coruña	56,2	63,3	49,9
Lugo	52,0	57,8	46,5
Ourense	48,1	55,1	41,9
Pontevedra	55,8	63,9	48,4
2011			
A Coruña	57,2	63,3	51,6
Lugo	51,9	57,3	46,9
Ourense	48,6	54,8	42,8
Pontevedra	56,3	63,8	49,5
2012			
A Coruña	58,0	64,0	52,7
Lugo	51,6	56,6	46,9
Ourense	47,7	53,6	42,4
Pontevedra	56,3	63,5	49,6

Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

■ A análise cruzada das taxas de actividade por sexo e provincia reflicte que en 2012 subiron en A Coruña (tanto a masculina como o feminina) e nas mulleres en Pontevedra.

■ A menor taxa de actividade en 2012 segue a ser nas mulleres nunha das provincias de menor desenvolvemento socioeconómico (Ourense: 42,4%), mentres que, pola contra, a maior taxa de actividade da poboación de 16 ou máis anos é a dos homes en A Coruña (64%).

As persoas que desexen coñecer a taxa de actividade (global e para cada un dos sexos) nas diferentes comunidades autónomas, poden facelo ao fío do cadro 5.8, que forma parte do capítulo: “A muller no mercado laboral”.

4.4 Poboación ocupada. Taxa de ocupación

De forma semellante ao estudo que no anterior epígrafe fixemos coa poboación activa, centrarémonos agora na poboación ocupada; en primeiro lugar estudaremos a súa evolución no último trienio nas distintas comunidades autónomas; despois faremos o mesmo coa taxa de ocupación e situaremos os valores en Galicia desta variable laboral no contexto estatal e da UE. Posteriormente analizaremos cómo se distribúe en Galicia por sexos, provincias, sectores económicos, grupos de idade e situación profesional.

4.4.1 Poboación ocupada

O cadro 4.26 preséntanos os datos da poboación ocupada en cada unha das comunidades autónomas no cuarto trimestre ao longo do último trienio, así como a variación que en termos relativos presentou cada unha delas. Salientaremos que:

■ Galicia esta baixando perigosamente cara o nivel de un millón de persoas ocupadas, trala forte destrución de emprego no trienio 2010-2012 (112.900 postos de traballo).

Poboación ocupada. Por comunidades autónomas. 2010-2012

■ Cadro 4.26

	Valores absolutos (miles)			Distribución porcentual			Variacións anuais		
	T IV 10	T IV 11	T IV 12	T IV 10	T IV 11	T IV 12	%	%	%
							T IV 10	T IV 11	T IV 12
Andalucía	2.849,1	2.749,6	2.580,0	15,5	15,4	15,2	-5,3	-3,5	-6,2
Aragón	540,3	540,4	535,5	2,9	3,0	3,2	-4,7	0,0	-0,9
Asturias	398,0	388,2	366,2	2,2	2,2	2,2	-3,6	-2,5	-5,7
Baleares	540,0	434,9	449,0	2,4	2,4	2,6	-2,8	-3,4	3,2
Canarias	771,2	763,5	749,2	4,2	4,3	4,4	-3,4	-1,0	-1,9
Cantabria	233,8	234,7	225,0	1,3	1,3	1,3	-3,4	0,4	-4,1
C. A Mancha	779,2	758,8	691,2	4,2	4,3	4,1	-1,4	-2,6	-8,9
C. León	996,8	972,8	919,1	5,4	5,5	5,4	-1,3	-2,4	-5,5
Cataluña	3.133,5	3.006,8	2.811,4	17,0	16,9	16,6	-0,1	-4,0	-6,5
C. Valenciana	1.937,9	1.879,0	1.791,8	10,5	10,6	10,6	-2,0	-3,0	-4,6
Extremadura	378,2	352,8	336,2	2,1	2,0	2,0	-0,7	-6,7	-4,7
Galicia	1.093,1	1.072,9	1.026,0	5,9	6,0	6,1	-4,0	-1,8	-4,4
Madrid	2.898,4	2.743,4	2.680,0	15,7	15,4	15,8	0,0	-5,3	-2,2
Murcia	560,6	544,8	515,5	3,0	3,1	3,0	0,6	-2,8	-5,4
Navarra	271,1	265,3	254,2	1,5	1,5	1,5	-0,9	-2,1	-4,2
País Vasco	939,5	925,3	859,4	5,1	5,2	5,1	1,6	-1,5	-7,1
A Rioxa	131,4	126,8	121,5	0,7	0,7	0,7	-4,0	-3,5	-4,2
Ceuta e Melilla	46,0	47,5	43,9	0,2	0,3	0,3	-0,2	3,3	-7,6
España	18.408,2	17.807,5	16.957,1	100,0	100,0	100,0	-1,3	-3,3	-4,8

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano.

Cadro tomado de: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, Análisis del Mercado de Trabajo, nº 104, marzo 2013.

■ A diminución da poboación ocupada de Galicia en 2012 (dun 4,4%) foi a maior do último trienio (como ocorreu tamén no conxunto do Estado).

■ O emprego baixou no ano 2012 en todas as comunidades agás Baleares. As maiores caídas porcentuais tivérona, por esta orde, Castela-A Mancha, as dúas cidades autónomas, País Vasco e Cataluña. Da perda de 850.400 empregos netos no ano 2012 en toda España, 46.900 destruíronse en Galicia (un 5,5%).

■ A diferenza do ano anterior (no que en Galicia case fora a metade a caída porcentual do emprego que no promedio estatal) en 2012 a diferenza acurtouse moito e foi lixeiramente menor en Galicia (4,4%) que no promedio estatal (4,8%).

■ A participación de Galicia no total de ocupación española en 2012 quedou no 6,1% (unha décima máis que no ano anterior e dúas máis que en 2010), lixeiramente por riba da porcentaxe do noso peso demográfico no conxunto do Estado (5,9%).

4.4.2 Taxa de ocupación

Cómpre, para comezar este apartado, facer unha precisión metodolóxica: salientaremos que poden usarse dúas variables distintas no estudo da *taxa de ocupación*.

Podemos definila como **a porcentaxe de persoas ocupadas respecto da poboación de 16 a 64 anos**. Así, de cada cen persoas “potencialmente activas” (por razón de idade) teremos cantas teñen emprego. Cando nos refiramos a ela, citáremola como *a taxa de ocupación da poboación de 16 a 64 anos*.

Conecta moi ben coa realidade económica, porque supón focalizar só as persoas de idades superiores aos 15 anos e inferiores a 65, que son as que “potencialmente” interveñen activamente no mercado de traballo (en 65 e máis anos entra a poboación xubilada, aunque habería que matizar por profesións concretas, xa que non todas teñen establecidas a mesma idade para xubilarse).

Alternativamente, podemos definir a taxa de ocupación como **a porcentaxe de persoas con emprego respecto da poboación de alomenos 16 anos**. Así, de cada cen persoas de máis de quince anos, sabemos cantas teñen emprego.

Obviamente, se usamos esta segunda definición a taxa de ocupación resultará menor, porque dividiríamos un numerador igual entre un denominador maior (no que figuran tamén todas as persoas de 65 ou máis anos, basicamente persoas xubiladas, aunque é ben sabido a idade legal de xubilación non é o mesmo para todas as profesións). En países cunha estrutura poboacional máis envellecida (como Galicia) a taxa de ocupación da poboación de 16 ou máis anos será menor que noutro cunha estrutura de idades que se achegue máis na súa representación gráfica á forma piramidal.

No estudo diacrónico da taxa de actividade dun territorio, as taxas de actividade nos valen en calquera das dúas formas; o que non podemos é mesturar as dúas fórmulas, porque non habería coherencia nos datos.

Cando ao longo do texto nos refiramos simplemente á *taxa de actividade*, esta será a recollida na segunda definición.

As **taxas de ocupación da poboación galega de 16 a 64 anos** no cuarto trimestre do último trienio reflicte no cadro 4.27 que no ano 2012:

Foi en Galicia do 57,8% e quedou 2,1 puntos porcentuais por riba da taxa estatal.

■ Cadro 4.27

Taxas de ocupación. Por comunidades autónomas. 2010-2012

	Valores das taxas En porcentaxe			Variacións anuais En puntos porcentuais		
	T IV 10	T IV 11	T IV 12	T IV 10	T IV 11	T IV 12
Andalucía	50,9	49,1	46,4	-0,9	-1,9	-2,7
Aragón	62,8	63,0	63,1	-2,8	0,2	0,0
Asturias	56,4	55,5	53,0	-1,7	-1,0	-2,4
Baleares	59,6	57,4	58,9	-2,0	-2,2	1,5
Canarias	51,9	51,0	49,9	-1,8	-0,9	-1,2
Cantabria	59,7	60,0	58,7	-1,8	0,2	-1,3
C. A Mancha	57,4	55,9	51,3	-1,6	-1,6	-4,5
C. León	61,6	60,9	58,2	-0,3	-0,9	-2,6
Cataluña	63,9	62,0	59,1	0,0	-1,9	-2,9
C. Valenciana	57,2	55,8	53,6	-0,8	-1,5	-2,1
Extremadura	53,1	49,5	47,5	-0,3	-3,5	-2,1
Galicia	60,5	59,9	57,8	-2,0	-0,6	-2,1
Madrid	66,6	63,4	62,5	0,1	-3,2	-0,8
Murcia	56,3	54,8	52,0	0,2	-1,5	-2,8
Navarra	66,2	64,8	62,8	-0,6	-1,4	-2,0
País Vasco	66,2	66,1	62,9	1,6	0,0	-3,2
A Ríoxa	63,4	61,9	60,7	-2,0	-1,5	-1,2
Ceuta e Melilla	46,7	46,7	42,3	-0,3	-1,5	-4,1
España	59,2	57,6	55,4	-0,6	-1,7	-2,2

Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano.

Cadro tomado de: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, Análisis del Mercado de Trabajo, nº 104, marzo 2013.

■ Presentou en Galicia un descenso de 2,1 puntos respecto do ano anterior; diminución semellante á rexistrada no promedio estatal (2,2 puntos porcentuais).

■ A porcentaxe de destrución de emprego neto en 2012 foi a maior do último trienio, tanto en Galicia como no conxunto do Estado.

■ Na análise por comunidades autónomas, destacaron en 2012 as caídas das taxas de ocupación en Castela - A Mancha e País Vasco (ademais de Ceuta) mentres que só medrou a taxa de emprego en Baleares e mantívose estable en Aragón.

As taxas de ocupación das poboacións galega e española de 16 a 64 anos no cuarto trimestre de 2012 (57,8% e 55,4% respectivamente) están moi por baixo das que EUROSTAT proporciona para a UE (64,6%) e a UE (64,1%); estas dúas últimas taxas son do terceiro trimestre de 2012 (último dato dispoñible cando elaboramos este Informe).

Xa en anteriores *Informes Sociolaborais* subliñamos a gravidade de que as economías galega e española teñan unhas taxa de ocupación tan baixas en comparanza coas do conxunto da Unión Europea (6,8 puntos porcentuais menos en Galicia e 9,2 en España), porque reflicte a incapacidade para dar unha saída produtiva eficiente aos nosos recursos humanos, imprescindible para a converxencia real cos países máis desenvolvidos economicamente.

Estes datos reflicten, en definitiva, que, en comparanza coa media da UE, sete de cada dez persoas de Galicia “potencialmente activas” (as de 16 a 64 anos) non poden facer a súa achega co seu traballo á xeración de riqueza no noso país. A homologación coa taxa media da emprego da UE suporía (mesmo supoñendo que non medrase a produtividade media actual, senón que se mantivese estable) un recorte de sete puntos no diferencial do PIB por habitante entre Galicia e o promedio da Unión Europea.

Mentres, parte do noso capital humano debe buscar o seu emprego fóra de Galicia; boa parte corresponde a persoal cualificado (maioritariamente con estudos universitarios ou de ciclos formativos de F.P.) que, despois de formarse aquí, van deixar o froito do seu traballo fóra, noutros territorios con maior desenvolvemento económico-social e capacidade de xeración de emprego. Outras comunidades autónomas (como País Vasco, Madrid, Navarra ou Aragón) teñen taxas de ocupacións semellantes á media da UE, aproveitando moito mellor que nós os recursos humanos dos que dispoñen.

No cadro 4.28 presentamos unha visión diacrónica das **taxas de ocupación da poboación de 16 a 64 anos** en España e no conxunto da Unión Europea. Subliñaremos que:

- Partindo de taxas de emprego semellantes en España e a UE en 2005, España acadou taxas maiores no bienio 2006-2007, pero o maior impacto da crise económica no Estado español fixo que a situación virase en 2008 e a diferenza fose abríndose máis e máis a prol da taxa da UE.
- A “gran recesión” de 2009 foi un ano clave na apertura do diferencial, porque nel a caída estatal (4,5 puntos porcentuais) foi máis do triplo que na UE (1,3).
- No ano 2012 volveuse a producir (aunque con menor intensidade) un forte aumento do diferencial (1,9 puntos) entre as dúas taxas de ocupación.

■ Cadro 4.28

Taxas de ocupación da poboación 16-64 anos. España/UE. 2005-2012

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
España	63,3	64,8	65,6	64,3	59,8	58,6	57,7	55,7
UE	63,4	64,4	65,3	65,8	64,5	64,1	64,3	64,2
Diferencial España-UE	-0,1	0,4	0,3	-1,5	-4,7	-5,5	-6,6	-8,5

Elaboración propia.

Datos en miles, en medias anuais. Os datos de 2012 son a media dos tres primeiros trimestres.

Fonte: INE (EPA) e Eurostat.

4.4.3 Distribución por sexos, provincias, grupos de idade, sectores económicos e situacións profesionais

A desagregación por sexos en Galicia das **taxas de ocupación das persoas de 16 ou máis anos** que figura no cadro 4.29 para o último trienio reflicte que:

- Descenderon as dúas taxas de actividade en 2012, pero con menos intensidade nas mulleres (0,7 puntos porcentuais) que nos homes (2,6 puntos).

Taxas de ocupación. Por sexo. Galicia. 2007-2012

■ Cadro 4.29

	Taxa de ocupación		
	Total	Homes	Mulleres
2007	50,1	59,7	41,4
2008	50,3	59,0	42,3
2009	48,3	55,1	41,9
2010	46,2	52,8	40,1
2011	45,6	51,4	40,2
2012	43,9	48,8	39,5

Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

■ Como consecuencia desa evolución, en 2012 o diferencial entre as taxas de actividades masculina e feminina foi de 9,3 puntos porcentuais a prol dos homes (fora de 11,2 puntos en 2011, de 12,7 en 2010 e de 18,3 en 2007). A diverxencia, anque moi grande aínda, pasou a ser a metade no último quinquenio.

A análise da **taxa de ocupación da poboación de alomenos 16 anos** das provincias galegas (coa diferenciación por sexos) do cadro 4.30 amosa que:

Taxa de ocupación. Por sexo e provincia. 2008-2012

■ Cadro 4.30

	Total	Homes	Mulleres
2008			
A Coruña	51,2	60,2	43,0
Lugo	46,7	54,5	39,4
Ourense	46,6	54,4	39,1
Pontevedra	51,8	60,9	43,6
2009			
A Coruña	50,9	57,6	44,8
Lugo	44,8	50,9	39,1
Ourense	42,4	49,1	36,4
Pontevedra	48,4	56	41,5
2010			
A Coruña	48,4	55,1	42,3
Lugo	46,3	51,8	41,1
Ourense	40,2	46,8	34,2
Pontevedra	45,6	52,5	39,3
2011			
A Coruña	48	53,7	42,9
Lugo	45,7	50,8	41
Ourense	39,9	45,4	34,7
Pontevedra	44,5	50,9	38,7
2012			
A Coruña	47,3	52,1	43,1
Lugo	43,1	46,4	40
Ourense	37,6	42,7	32,9
Pontevedra	42,4	47,9	37,5

Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

■ Reduciuse a taxa global de emprego todos os anos analizados en A Coruña, Ourense e Pontevedra; en Lugo, pola súa banda, subiu un ano (2010).

■ A provincia de A Coruña presenta de novo en 2012 (como ocorre desde 2009) a maior taxa global de emprego (47,3%), 9,7 puntos porcentuais superior á da provincia de menor taxa (Ourense). Ben lonxe queda xa o limiar do 50%, que en 2008 superaban A Coruña e Pontevedra e en 2009 A Coruña.

■ Na desagregación por sexos e provincias das taxas de emprego da poboación de alomenos 16 anos, constátase que nas mulleres a taxa de ocupación máis baixa foi todos os anos analizados a de Ourense (32,9% en 2012, ano no que quedou 10,2 puntos porcentuais por baixo da provincia en que foi maior esta taxa: A Coruña).

■ A análise cruzada por sexos e provincias en 2012 reflicte que a taxa de emprego feminina tan só subiu (e fíxoo moi lixeiramente) en A Coruña e a masculina baixou nas catro provincias galegas, e fíxoo con especial intensidade en Lugo.

O cadro 4.31 permítenos unha visión diacrónica da distribución por sectores produtivos da poboación ocupada en Galicia desde o inicio da actual crise económica. Salientaremos que:

Porcentaxes de poboación ocupada por sexo e situación profesional. Galicia/España. 2012

■ Cadro 4.31

	Total	Homes	Mulleres
Total poboación ocupada			
Galicia	100	100	100
España	100	100	100
Asalariados			
Galicia	54,6	49,5	59,9
España	64,9	57,3	74,1
Traballador por conta propia			
Galicia	22,7	24,8	20,3
España	17,5	21,3	13
Empresario sin asalariados			
Galicia	14,8	15,1	14,5
España	11,4	13,8	8,5
Empleador			
Galicia	6,7	8,3	4,8
España	5,3	6,8	3,4
Axudas familiares			
Galicia	1	1,1	0,8
España	0,7	0,6	0,9
Membros de cooperativa			
Galicia	0,2	0,2	0,2
España	0,2	0,2	0,1

Datos en miles. Medias anuais. Metodoloxía EPA 2005.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

- A poboación ocupada baixou en 2012 nos catro sectores económicos.
- Baixou a poboación ocupada todos os anos e en todos os sectores, agás a industria en 2011.
- A maior destrución de postos de traballo no cuadrienio 2008-2012, en valores absolutos, produciuse no sector da construción (55.100 empregos netos), seguido de cerca pola industria (52.100).
- A construción encabeza tamén (e desta volta con gran diferenza respecto dos outros sectores económicos) a porcentaxe de destrución de postos de traballo (cun 41%).
- O sector dos servizos é desde hai moitos anos a auténtica columna vertebral do emprego en Galicia. En 2012 concentra un 69% do emprego total galego (1,3 puntos porcentuais máis que no ano anterior e 3,3 puntos por riba que en 2010), aínda que certamente segue por baixo da media estatal e máis do promedio da UE e do conxunto dos países máis desenvolvidos do mundo.

Para comparar a porcentaxe que representan en Galicia e España en 2012 cada unha das **situacións profesionais da poboación ocupada** **cadro 4.32**, que inclúe a desagregación por sexo. Salientaremos que:

- A poboación asalariada supón actualmente un 54,6% da poboación ocupada en Galicia e un 64,9% en España; a nosa taxa de asalarización segue por baixo das medias do Estado e da Unión Europea. No último trienio destruíronse en Galicia case 100.000 empregos por conta allea (95.400), é dicir: un 10,6% das persoas asalariadas que había en 2009 (ano de fonda recesión).

Poboación ocupada por sector económico. Galicia 2008-2012

■ Cadro 4.32

	2008	2009	2010	2011	2012
Total	1.200,1	1.151,4	1.100,7	1.083,0	1.039,4
Agricultura e pesca	93,8	91,6	86,6	83,2	79,8
Industria	215,9	194,1	171,6	175,5	163,8
Construción	134,1	115,7	105,2	91,3	79,0
Servizos	756,4	750,1	737,2	733,0	716,9

Datos en miles. Medias anuais.
Fonte: INE, EPA. Elaboración do IGE.

- Séguelle á poboación asalariada en importancia cuantitativa do emprego a que traballa por conta propia, que ten unha porcentaxe maior en Galicia (22,7%) que no promedio estatal.
- O mesmo ocorre na situación profesional que ocupa o terceiro lugar: os empresarios sen asalariados son en Galicia un 14,8%, 3,4 puntos porcentuais que no conxunto de España.
- Séguenlle os empregadores (ou empresarios con algunha persoa asalariada), na que Galicia está algo por baixo da media estatal.
- As persoas que traballan como “axudas familiares” baixaron en 2012 en 1.400 persoas, continuando coa tendencia descendente dos últimos anos. Supoñen xa só un

1% en Galicia (e un 0,7% en España). Están fundamentalmente empregadas nos sectores servizos e agro-pesqueiro (90,3% do total dos “axudas familiares”).

■ Os membros de cooperativas representan só un 0,2%, tanto en Galicia como en España.

O cadro 4.33 recolle a **distribución porcentual da poboación ocupada por sectores económicos en Galicia e España en 2012**. Subliñaremos que:

■ A porcentaxe galega de poboación agro-pesqueira (7,7%) é a mesma do ano anterior; a española subiu do 4,2% ao 4,4%.

■ Na industria é 1,7 puntos porcentuais maior a poboación ocupada en Galicia que en España. Nesta repetiu a porcentaxe e en Galicia baixou catro décimas.

Porcentaxe de persoas ocupadas por sector económico. Galicia/España. 2012

■ Cadro 4.33

	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Galicia	100,0	7,7	15,8	7,6	69,0
España	100,0	4,4	14,1	6,6	74,9

Fonte: INE, EPA.

■ Na construción continúa a clara tendencia descendente (nos dous ámbitos territoriais) desde que finalizou o prolongado “boom inmobiliario”. A porcentaxe da poboación ocupada neste sector en Galicia supera nun punto porcentual á de España

■ No sector servizos a diferenza é de 5,9 puntos a prol de España. En 2002 subiu 1,2 puntos en Galicia e nove décimas na media estatal.

A desagregación porcentual **por tipo de contrato (temporal ou indefinido)** que recolle o cadro 4.34 reflicte que:

■ No ano 2012 un 76,9% dos contratos de Galicia son indefinidos (1,4 puntos porcentuais máis que no ano anterior); a media estatal é case igual (77%).

■ A taxa de temporalidade de Galicia (ou porcentaxe da poboación asalariada que ten un contrato de tipo temporal) é en 2012 dun 23,1%, practicamente igual que no promedio español (23%).

Porcentaxe de contratación indefinida e temporal. Galicia/ España. 2010-2012

■ Cadro 4.34

	De duración indefinida			Temporal		
	2010	2011	2012	2010	2011	2012
Total						
España	75,2	75,0	77,0	24,8	25,0	23,0
Galicia	74,8	75,4	76,9	25,2	24,6	23,1

Datos do 4º

Fonte: INE, EPA.

A taxa de temporalidade de Galicia, que en 2008 era do 29,9%, baixou desde entón 6,8 puntos porcentuais; a española pasou baixo 4,9 puntos nese cuadrenio.

Nos capítulos 5 e 7 deste Informe Sociolaboral ampliamos a información relativa ás modalidades de contratación, polo que remitimos alí ás persoas interesadas en afondar nesta cuestión. Cómpre lembrar que unha das importantes diverxencias da nosa estrutura sociolaboral coa da UE ou da OCDE segue a ser a alta temporalidade que temos (pese á forte diminución do último cuadrenio, debida sobre todo a non renovarse moitos contratos). Velaí un bo campo no que traballar para “homologar” o noso mercado de traballo co dos Estados desenvolvidos cos que quereamos converxer.

A distribución porcentual da poboación asalariada que traballa a tempo completo ou a tempo parcial figura no cadro 3.35 para o último bienio. En 2012 subiu a contratación a tempo parcial e baixou a de xornada completa, tanto en Galicia coma no Estado (máis intensamente en Galicia), consolidando unha tendencia que é clara desde o comezo da crise económica.

Persoas asalariadas. Sectores público e privado. Galicia/España. 2011-2012

■ Cadro 4.35

	Sector público		Sector privado	
	2011	2012	2011	2012
Galicia	198	188,4	649,9	615
España	3190	3013,6	11915,4	11282,2

Fonte: INE (EPA).

Tanto en Galicia como no conxunto do Estado aumentou todos os anos analizados a porcentaxe de poboación contratada a tempo parcial no último trienio; subiu máis en Galicia nese período (3,1 puntos porcentuais) que no promedio español (2 puntos).

No cadro 4.36 vemos as persoas asalariadas dos sectores privado e público no último bienio en Galicia. Baixou o emprego en 2012 para os dous sectores e nos dous ámbitos territoriais.

En Galicia en 2002 un 76,5% da poboación asalariada traballa no sector privado (78,8% en España) e un 23,5% no sector público (21,2% no Estado).

Persoas asalariadas. Por tipo de xornada. Galicia/España. 2011-2012

■ Cadro 4.36

	Tempo completo		Tempo parcial	
	2011	2012	2011	2012
Galicia	88	85,9	12	14,1
España	86,2	84,7	13,8	15,3

Datos en porcentaxe. Fonte: INE (EPA).

4.5 Poboación desempregada e taxa de paro

4.5.1 Poboación desempregada

Unha vez rematado o estudo da poboación ocupada, comezamos a análise doutro compoñente da poboación activa –a poboación desempregada– a través dos datos que proporcionan as Enquisas de Poboación Activa elaboradas polo INE.

Seguindo o esquema utilizado nos epígrafes anteriores, estudaremos primeiramente a poboación desempregada nas distintas comunidades autónomas e logo as súas taxas de paro. Posteriormente afondaremos na distribución por sexos, provincias, grupos de idade e por tempo na procura de emprego.

O cadro 4.37 recolle, cos datos do cuarto trimestre, a poboación desempregada nas distintas comunidades autónomas no último trienio. Salientaremos que:

■ En 2012 hai 207.400 persoas desempregadas en Galicia (37.400 máis que no ano anterior).

■ A suba porcentual do desemprego de Galicia en 2012, aunque menor que no bienio anterior, seguiu sendo en 2012 moi elevada (15,4%), por riba do incremento medio estatal (13,1%).

Poboación desempregada. Por comunidades autónomas. 2010-2012

■ Cadro 4.37

	Valores absolutos			Distribución	Variacións anuais	
	Miles			porcentual	Miles	%
	T IV 10	T IV 11	T IV 12	T IV 12	T IV 12	T IV 12
Andalucía	1.127,4	1.248,5	1.442,6	24,2	194,1	15,5
Aragón	103,3	109,4	121,9	2,0	12,5	11,4
Asturias	79,6	90,5	114,1	1,9	23,6	26,1
Baleares	128,6	146,5	144,1	2,4	-2,4	-1,6
Canarias	314,4	341,9	368,4	6,2	26,5	7,8
Cantabria	41,0	44,5	53,5	0,9	9,0	20,2
C. A Mancha	211,2	245,6	296,5	5,0	50,9	20,7
C. León	186,8	201,5	240,8	4,0	39,3	19,5
Cataluña	686,8	775,4	885,1	14,8	109,7	14,1
C. Valenciana	575,9	641,3	700,2	11,7	58,9	9,2
Extremadura	118,8	141,3	173,6	2,9	32,3	22,9
Galicia	203,5	240,4	277,4	4,7	37,0	15,4
Madrid	542,0	623,3	665,3	11,2	42,0	6,7
Murcia	186,7	199,1	216,6	3,6	17,5	8,8
Navarra	35,7	42,5	52,6	0,9	10,1	23,8
País Vasco	114,9	133,5	162,8	2,7	29,3	21,9
A Ríoxa	24,4	29,2	28,0	0,5	-1,2	-4,1
